
RATOS DE VIAXE

Texto de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de NATALIA COLOMBO

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

Ratos de viaxe (galego)

ISBN 978-84-8464-464-4. Demademora.

Ratones de viaje (castelán)

ISBN 978-84-8464-465-1. Obras de autor. Primeros lectores.

Saguen bidala (éuscaro)


ISBN 978-84-9172-103-1. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

<i>Os ratos, para ir de viaxe, meten na maleta cada un o seu traxe.</i>	<i>O traxe, de gala ou semana, vai mellor colgado na autocaravana...</i>
---	--

Despois de “[Os ratos da casa](#)”, as novas aventuras destes simpáticos roedores trasládanse á praia para gozaren do bo tempo mentres se divirten. Pero mesmo os preparativos e o propio itinerario convértense nunha animada peripecia.

Dende o punto de vista literario, “Ratos de viaxe” mantén a estrutura do texto primixenio, con estrofas de catro versos, rima consoante e palabras encadeadas. Este esquema acentúa o ritmo do relato, potencia a súa oralidade e facilita o seguemento da obra por parte dos primeiros lectores. A historia transcorre nun ambiente de ledicia, humor e emoción polo comezo dunhas prometedoras vacacións. E ao fin, unha autocaravana chea de macutos e de ratiños rebuldeiros chega ata o mar, onde atopan a moitos máis bañistas tomando o sol.

Entre xogos, anécdotas e atrancos, este libro tamén destaca pola proposta plástica, de luminoso colorido e abondosos detalles: maletas, flotadores, parasoles, toallas e utensilios de praia son parte do surtido equipaxe dos protagonistas. Nas ilustracións non falta ningún aceno a personaxes doutros contos.



■ **Tomática:** a viaxe á praia dun grupo de ratiños.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto rimado, palabras encadeadas; mar, praia, xogos, vacacións, diversión, humor; ilustracións alegres e coloridas; dos autores de “[Os ratos da casa](#)”; do autor de “[Artur](#)”, “[Once damas atrevidas](#)”, e “[O pirata pata de lata](#)” (Kalandraka); da ilustradora de “[Cerca](#)” (I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado) e “[Niños](#)” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/ratos-de-viaxe-g>

Xosé Manuel González 'Oli'

(Cangas, 1960)

Mestre de Primaria, tradutor, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Co-director da colección Seteleguas de KALANDRAKA, editorial na que publicou “Once damas atrevidas”, “O pirata pata de lata” e “Artur”. Foi responsable das páxinas de literatura infantil da Revista Galega de Educación.

<http://www.librosdeoli.gal>

Natalia Colombo

(Bos Aires, 1971)

Ilustradora e deseñadora gráfica. Estudou na Facultade de Arquitectura, Deseño e Urbanismo da Universidade de Bos Aires, cidade na que reside. Ilustrou libros de texto e álbums infantís publicados en editoriais de España, Francia, Suiza, Arxentina, México, Chile, Brasil e Estados Unidos. Tamén participa en exposicións individuais e colectivas. Coa súa primeira obra, “Cerca”, gañou o I Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, convocado polo Departamento de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago e por KALANDRAKA. En 2017 recibiu unha mención de honra de Iberoamérica Ilustra.

<http://www.nataliacolombo.com.ar>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
